

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 26 de abril de 2024, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024), para a contratación de 1 persoa desempregada para a realización do proxecto "REVALORIZACIÓN FORESTAL",

Páxina| 1

### DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada, para un posto de peón forestal, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

